

D. Julio Fernández González

E-mail: [matarpormatarnon@yahoo.es](mailto:matarpormatarnon@yahoo.es)

Expediente: F.7.Q/15/15

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2015

Estimado Sr.:

Coa data do 23 de abril, a Secretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remítenos o informe elaborado pola Subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas. Sinala no mesmo que está a traballar no desenvolvemento regulamentario da Lei 13/2013, de caza de Galicia e tendo en conta a recomendación formulada por esta Institución o 16 de marzo pasado, vai a incluír unha definición máis precisa sobre os aspectos contidos na nosa iniciativa.

Tamén lembrouse á administración autonómica que ten pendente a resolución do recurso de alzada, formulado por vostede en xaneiro deste ano, e que ten incumprido o prazo máximo da súa resolución, preceptuado no artigo 115.2 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por último, e en relación co seu correo electrónico do 13 de abril, que afecta a unha batida non sinalizada e por cazar nos refuxios da Fauna, debe presentar unha nova queixa, xuntando copia dos escritos presentados ante a administración autonómica. Esta remisión permitirá o seu estudo e, se é o caso, a súa admisión a trámite.

Con baseamento no exposto e entendendo aceptada a nosa recomendación, consideramos concluído, de xeito provisorio, o expediente de queixa F.7.Q/15/15, que se elevará a definitiva cando se reciba unha copia da resolución ditada respecto ao recurso de alzada en trámite.



**Valedor  
doPobo**  
Galicia

Agradézolle a confianza que nos demostrou e reciba un atento saúdo.

José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo (en funcións)